

# Os Bolechas<sup>® TM</sup>

PEPE CARREIRO

## ENTROIDO



## INFORMACIÓN PARA PAIS E EDUCADORES

O entroido é unha das festas máis tradicionais da nosa comunidade, con múltiples variantes segundo o lugar. E é tamén unha das preferidas polos máis novos, de aí a facilidade para aproveitar este interese e traballar múltiples aspectos formativos: historia, xeografía, tradición, valores, música, gastronomía, plástica...

As posibilidades son case infinitas pero nesta guía trataremos de simplificar conceptos para que os máis novos (2 a 5 anos) teñan un primeiro achegamento ao carnaval e, en concreto ao entroido galego, e participen del dunha forma activa e alegre, ao tempo que facemos un primeiro achegamento a conceptos moito máis complexos como a tolerancia, a igualdade de sexos etc.

## APRENDIZAXE

- **Formación persoal e social:**
  - coñecer o propio corpo e descubrir as súas posibilidades expresivas
  - adquirir máis precisión en xestos e movementos
  - fomentar a curiosidade e o gusto por explorar
- **Educación cidadá:**
  - adquirir habilidades emocionais, organizativas e sociais
  - fomentar as relacións de grupo en situacións lúdicas
- **Educación en valores:**
  - respectar as diferencias
  - fomentar relacións respectuosas
  - educación para igualdade de oportunidades
- **Educación artística:**
  - os disfraces a través da plástica: pintura, manualidades...
  - música e baile
- **Educación matemática:**
  - os números
- **Coñecemento do medio:**
  - relacionarse cos demais
  - traballar a conduta propia en relación ás pautas de comportamento social
  - coñecer e respectar a diversidade cultural e social
  - coñecer e participar das propias tradicións
- **Conceptos básicos:**
  - vocabulario específico de entroido
  - vestimenta
  - calendario: meses, días da semana
  - cores
  - linguaxe oral: cantigas, refráns...
  - gastronomía
- **Grafomotricidade e maduración motriz:**
  - relacionar
  - debuxar
  - pintar
  - cociñar



# 1. APRENDER



## ORIXE

O **entroido** é unha das festas máis antigas que se celebra en toda Europa. A súa orixe está nas celebracións das tarefas agrarias e a **chegada da primavera**, pero ten elementos de orixe romana, cristiá e medieval.

En Galicia ten moita tradición e moitos nomes: Entroido, Antroido, Intruido, Entruido, Entrudo e Entroiro. Todos teñen a súa orixe no termo latino **introitus**, que significa entrada e que sinala a entrada nunha nova estación, a primavera. Tamén se chama **carnaval**. Para os cristiáns esta festa significa a despedida da carne antes de empezar a abstinencia da Coresma.

O Entroido é unha **época de festa**, subversión e moita diversión no que o máis importante é **disfrazarse e pasalo ben**.





## ENTROIDOS MÁIS COÑECIDOS

### LAZA (OURENSE): PELIQUEIROS

Rumba de ser o entroido máis "enxebre" de Galicia. A festa comeza aquí moi pronto co chamado **Venres de Folión**.

Os folións son comparsas que, para espantar os malos espíritos, percorren as rúas durante a noite tocando diversos obxectos. O **Domingo de Entroido** os folións ceden o protagonismo aos **peliqueiros**, os personaxes **típicos do carnaval de Laza**, que se reúnen nun acto chamado A estrea do peliqueiro e invitan a bica.





Os **peliqueiros** son personaxes “animalizados”: non falan, levan chocas de ferro coma os animais e levántanlle a saias as mulleres e zorregan á xente que non os respecta ou se interpón no seu camiño. O **traxe**, similar ao dos cigarróns, está composto por chaqueta con galóns, pantalón curto con encaixe, camisa branca e gravata vermella. Nas pernas levan medias cinguidas con rechamantes ligas e os zapatos son negros. O **disfrace** complementábase co cinto, de onde colgan as chocas, e coa zamarra ou látego que usan sobre os que ousan saír á rúa sen disfrace. A **máscara** adoita ser de bidueiro, leva pintado un animal e cosida por detrás unha pelica de animal, de aí o seu nome.



Xunto co Domingo, outro día grande en Laza é o **Luns de Entroido**, en que celebran diversos ritos como A Farrapada, unha batalla campal na que se usan trapos untados en barro; A Xitanada, unha divertida procesión en burro, ou A baixada da Morena, unha especie de sátiro con cabeza de vaca que persegue as mulleres mentres a súa comitiva lanza sobre a multitude unha chuvia de fariña e formigas vivas. Un **costume ancestral** no que participa todo o mundo. Tampouco falta a boa comida, coa **Festa Gastronómica** da cachucha, a bica branca, xastré e licor café.



## VERÍN (OURENSE): CIGARRÓNS

Nesta vila o protagonista é un **personaxe enmascarado** que se remonta ao século XVI e viste un traxe con moitos adornos que chega a pesar 25 quilos. A **máscara** faise a partir da madeira do abedul e a parte superior remata nunha folla de lata engalanada con motivos animais ou vexetais. A **vestimenta** componse de camisa branca con garabata, chaqueta con galóns e xarreteiras, calzón corto e medias. Á cintura levan cinto con chocas por detrás e na man unha "zamarra" coa que fustrigan a quen non manteña a orde no entroido.

Os días máis sinalados son o **Xoves de Compadres**, no que os homes toman as rúas; o Domingo Corredoiro, en que aparecen os cigarróns á saída da misa; o **Xoves de Comadres**, día das mulleres. Tamén son días grandes o Venres de Compadreo, o Domingo de Entroido, o el Luns Fareleiro e o **Martes de Entroido**, co gran desfile.



## XINZO DE LIMIA (OURENSE): PANTALLAS

É a festa máis importante do ano e o **carnaval máis longo de España**

–e probablemente do mundo–, xa que dura cinco fins de semana: empeza o Domingo Fareleiro e remata o Domingo de Piñata. O día grande é o **Martes de Entroido**, co

desfile de carrozas máis concorrido de Galicia e unha gran festa na rúa onde ninguén pode ir sen disfrazar. Diso encárganse precisamente as Pantallas, que fan pagar unha ronda a quen atopen sen o seu disface.

**Pantalla** é o nome da máscara e, por extensión, de todo o conxunto.

A **careta** faise con cartón, papel de xornal, feltro, fariña, auga e pintura. Faise nunha soa peza encaixándose na cara e cabeza. Ten cara de diaño, con cornos e a parte de arriba está adornada con motivos astrais ou animais totémicos.

Arredor leva uns flocos que fan de barba. O **traxe** componse de camisa e calzóns brancos, abrigo vermello ou negro, pano vermello e polainas e zapatos negros. Levan na cintura unha faixa vermella xunto coas campás e, por suposto, dúas vexigas de vaca secas e infladas nas mans que golpean entre si.





## ZONA DO ULLA (A CORUÑA E PONTEVEDRA): XENERAIS DO ULLA

Nas bisbarras do río Ulla o entroido inspírase nas loitas que se viviron a principios do século XIX por mor da invasión napoleónica. En 1870 hai xa referencias escritas a esta celebración, de **gran tradición** en Santiago de Compostela, Teo, Touro, Padrón, Boqueixón, Vedra, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces.

Na actualidade estas vilas celebran o entroido con desfiles de carrozas, verbenas e bailes, aínda que os grandes protagonistas son os **xenerais e os correos**

que, ataviados con vistosos uniformes, percorren as rúas a cabalo acompañados por comparsas e parrandas dando vivas aos veciños. Os actos centrais son os **“atranques”**, batallas dialécticas que manteñen os xenerais (os defensores contra os invasores) e nos que se fala de cuestións de actualidade en ton de burla. Cada lugar mantén a súa propia tradición, polo que en cada zona estes encontros convértense nunha celebración verdadeiramente única.



## VIANA DO BOLO (OURENSE): BOTEIROS E FOLIÓNS

Posiblemente sexa o carnaval **máis antigo** de Galicia e un dos máis auténticos, ademais de estar intimamente vinculado á gastronomía, xa que a androlla –embutido de porco típico desta zona– convértese en protagonista, especialmente no xantar do **Domingo de Entroido**.

Pero tamén aquí contan cunhas **máscaras típicas**: os boteiros e os foliós. Os foliós andan en grupos de 30 o 40 polas rúas con tambores e ferramentas agrícolas que tocan para espantar os malos espíritos, e os boteiros tapan a cara cunha careta rematada nun gran penacho e levan un fermoso traxe multicolor de cintas de seda. Anuncian e abren paso aos foliós saltando sobre un pau co que tamén manteñen a orde. Ademais, poñen son ao carnaval movendo con moita arte os chocallos que levan no cinto.



## MANZANEDA (OURENSE): FOLIÓNS E MÁZCARAS

Outro dos entroidos máis “auténticos”, xa que soubo preservar a pureza das súas tradicións. O **Folión Tradicional** do Entroido de Manzaneda é unha celebración de rituais ancestrais, espectáculos de percusión, banquetes populares e teatro da rúa, todo nun ambiente de diversión.

Os grandes protagonistas deste carnaval son as **mázcara**s que, malia o nome, adoitan levar o rostro descuberto aínda que cobren a cabeza cun gran toucado; visten camisa e polainas brancas con puntillas, mantilla floreada, botas altas, bastón e fitas de cores que cada ano poñen e quitan unha a unha. Á cintura, varios chocallos cos que marcan o ritmo. A mázcara é un consumado **bailarín**, capaz de danzar sobre un pequeno caixón xirando de puntillas e sen despegar os pés do chan. E é o acompañante do folián, unha especie de comparsa que se envían unhas aldeas a outras e que tradicionalmente tocaban tambores e instrumentos de labranza pero que agora fan **auténticas foliadas** con percusión e gaitas nas que participa todo o mundo.

O día grande en Manzaneda é o **Martes de Entroido** pero o programa de actividades é tan amplo que adoita empezar en xaneiro e pode estenderse ata abril.



### CHANTADA (LUGO): VOLANTES

No **Entroido Ribeirao** os volantes, os mecos e os maragatos ou peliqueiros bailan arredor do Santo Entroido. Os **volantes**, ataviados cunha vistosa indumentaria son os representantes dos vellos feudais; os **mecos** escenifican os problemas da sociedade baixo un tono burlesco, e os **maragatos ou peliqueiros** usan roupa vella e peles de animais e representan os gardiáns do señor na época medieval.



## VILABOA (PONTEVEDRA): MADAMAS E GALÁNS

O **Entroido de Cobres**, do que hai referencias escritas xa no século XVIII, está considerado un dos máis elegantes, tanto polos traxes como pola música e o baile, que remiten a un mundo galante; de aí o nome dos seus personaxes típicos: os galáns e as madamas. Ambos os dous satirizan a aristocracia

percorrendo as rúas acompañados dunha charanga e vestindo fastosos traxes e mesmo xoias auténticas de gran valor. Quizais por iso, para presumir ben, neste carnaval non hai máscaras, vaise coa cara descuberta!

As **madamas** adoitan levar camisa e falda brancas; medias finas con zapatos negros e, sobre o peito, unha especie de babeiro ao que se suxeitan os colares. Todo adornado con fitas, plumas, pedraría e pasamanería. Pero o máis rechamante son os espectaculares sombreiros que locen, auténticas obras de arte que fan durante semanas e que chegan a pesar varios quilos. Os **galáns** compiten en elegancia coas mulleres malia que os seus sombreiros son máis discretos. **Outros personaxes típicos** da zona son os de branco, as aldeás, os coidadores do galo, as choronas ou o predicador, personaxe enigmático que no seu esperado e divertido sermón métese con todo e con todos.

O día grande en Cobres é o **Martes de Entroido**, cando se organizan divertidos xogos como A Corrida do Galo, Galo no río e Galo na vara con premios en metálico e... un galo!



## MÁIS ENTROIDOS

A tradición do entroido está tan estendida en Galicia que poderíamos atopar ritos e costumes propios en cada vila e case en cada parroquia. Destacamos algúns dos máis sonados:

- En **Maceda** (Ourense) os felos –que só poden ser homes solteiros– son espíritos anárquicos que invaden o pobo co son das chocas e perseguen aos que se meten con eles. As máscaras desta vila son pouco coñecidas fóra da zona, pero tan antigas coma as súas irmás de Laza e Verín. De feito visten parecido aos cigarróns e peliqueiros pero levan medias negras en vez de brancas e o seu atavío é algo máis rústico, máis próximo ás orixes.
- En **Lourenzá** (Lugo) destaca a celebración do Domingo de Piñata o primeiro domingo tras o Martes de Carnaval. A festa, recuperada na década dos 90, vén de principios do século XX cando os bailes de entroido de Lourenzá eran famosos en toda A Mariña. Actualmente celébrase un gran desfile de carrozas que reparte grandes premios entre os mellores disfraces, algo difícil de decidir porque a xente toma moi en serio a celebración e o nivel é cada ano máis impresionante.

- A cidade de **Pontevedra** tamén celebra o entroido por todo o alto. Un dos actos máis multitudinarios é o Enterro de Ravachol, ao que acode todo o mundo vestido de rigoroso loito. Ravachol foi un personaxe real, moi coñecido na cidade por malfalado e groseiro. Era o loro dun coñecido farmacéutico e morreu durante os carnavais de 1913; foi enterrado con grandes honras no medio dun multitudinario duelo que agora se recorda cada ano por estas datas.



- En **Cudeiro** (Ourense) tamén recrean un feito real na Voda da Pita. A Pita era o alcume dunha viúva do barrio de Eiroás que o pasado século, desafiando as convencións, casou con outro viúvo, tamén veciño. Todo ía ben ata que a xente do barrio descubriu que non estaba invitada á festa.

- En **Castro Caldelas** (Ourense) os personaxes característicos son os irrios, ataviados con máscaras de madeira e frac con grandes botóns e unha pelica, coa que perseguen e golpean a xente.


- Na **Pobra do Brollón**, o entroido celébrase con desfiles de disfraces, descenso de carrilanas e outras actividades lúdicas entre as que destaca a máscara característica da parroquia de Salcedo: o Oso de Salcedo. Trátase dun veciño disfrazado con peles de animal simulando un oso que percorre as rúas e corredoiras na compañía de "criados", asustando a xente e manchándoa coas farpas cheas de feluxe.

- **Allariz, Sarreaus, Bande, Riós...** tamén celebran o entroido por todo o alto aínda que, como dicíamos, case poderíamos describir un por cada parroquia, xa que é unha das festas máis tradicionais do calendario.



## COSTUMES DO ENTROIDO

- O **meco**, momo, lardeiro, compadre, entrudio... é o nome que se lle dá á personificación do entroido. A orixe deste boneco está nun crego mullereiro da vila pontevedresa do Grove que foi asasinado. No xuízo, ante a pregunta de quen aforcara o Meco, os grovenses responderon: –Matámolo todos!



Este boneco, normalmente feito de palla e paus, ponse nun lugar visible do pobo para anunciar a chegada do entroido e quéimase cando remata a festa.

- Os **animais** teñen un papel protagonista en moitas vilas, onde son símbolo do entroido e interveñen na festa, ben para seren burlados ben para actuar activamente facendo falcatruadas.
- As **comparsas** están presentes en practicamente toda a xeografía galega, xa sexan elaboradas ou improvisadas ao xeito tradicional.
- Os **choqueiros** tamén están presentes en toda Galicia, especialmente no entroido máis rural, no que a xente se disfrazaba ca roupa vella que había na casa.
- **Crítica e diversión**: malia as diferencias, o sentido profundo do entroido é o mesmo en todas partes: a sátira e a crítica, a permisividade e a transgresión.

## TEMPO DO ENTROIDO

Adoita celebrarse ao longo do mes de febreiro, pero en cada vila e cada ano varían as datas. Os días máis destacados son:

- **Domingo Fareleiro ou Borrallento:**

día no que os veciños se manchan uns a outros con borralla ou farelo, a fariña de peor calidade.

- **Domingo Oleiro ou Corredoiro:** día no que se facía a corrida do galo; en Laza a xente lánzase formigas, en Xinzo celébrase o xogo das olas etc.

- **Xoves de Compadres:** día da tradicional pelexa entre sexos. As mozas fan un boneco que representa os homes e tentan queimalo, mentres os mozos loitan por llo roubar.

- **Xoves de Comadres:** nesta data son os homes os que fan bonecos con feitura de muller e elas tentan quitarllos.

- **Domingo de Entroido:** día en que comeza a festa maior.

- **Martes de Entroido:** día grande en moitas vilas. Celébranse os "testamentos" e entérrase a representación da festa.

- **Mércores de Cinza:** remata a festa co enterro da sardiña.

- **Domingo de Piñata:** domingo posterior ao Martes de Entroido de gran tradición en moitas vilas.





## GASTRONOMÍA

Coma en moitas festas, especialmente na nosa comunidade, a comida e a bebida están intimamente ligadas a esta celebración. O entroido é un **momento de abundancia** e fartura na mesa; celébranse comidas familiares, veciñais, festas gastronómicas, peticións de alimentos polas casas... despois virá a Coresma, tempo de prohibicións e xaxún.

A gran comida ten lugar Martes de Entroido ou Lardeiro (de lardo: graxa do porco); nalgunhas zonas trasládase ao Domingo Lardeiro ou ao xoves anterior.

O **porco** é o rei da festa, especialmente a cabeza – cachucha, cachola, cacheira, cachela ou cachaza–; o lacón, o rabo e as orellas, que se acompañan con grelos, patacas e chourizos. Nalgunhas zonas preparan o botelo ou a androlla, embutidos feitos co intestino goso do porco.

Os doces máis característicos e estendidos son as **filloas e as orellas**. Tamén son deste **tempo a bica**, as follas de limón e as flores de carnaval.

## CANTIGAS E REFRÁNS

Como toda festa tradicional mantén unha cultura oral rica e moi diversa, tanto en cantigas e refráns, coma en adiviñas ou regueifas, cancións interpretadas a xeito de rap con propósito de denuncia social nas que se usa humor e a ironía para comentar a actualidade.

Destacamos algunhas mostras desta cultura popular, pero seguro que podeades completar isto con composicións propias da vosa zona.

### Cantigas

Adeus martes de entroido,  
adeus, meu amiguiño,  
ata o Domingo de Pascua  
non comerei máis touciño.

Adeus, martes de antroido,  
adeus meu queridiño  
ata domingo de pascua  
non volvo untar o fociño.

Martes de entroido,  
cando has de vir;  
casquiñas de ovos,  
case habedes de ruxir.

Baila, baila  
coa túa carauta  
baila, baila  
Entroido lambón.

Come filloas  
non deixes ningunha  
come filloas  
Entroido lambón.



## Refráns

O Entroido ao tizón, a Pascua ao sol.  
 Pascuas con quen quixeres, entroidos coas túas mulleres.  
 Non todos os martes son días de Entroido.  
 Entroido larafuzán, comíchesme a carne e deixáchesme o pan.  
 Día de Antroido e día de Pascua, cada larpeiro na súa casa.  
 Antroido á raxeira, Pascua na lareira.  
 En Antroido, disfraz de coiro.  
 En tempos de carnaval, ningunha cousa está mal.  
 No Carnaval, nada senta mal.  
 O Antroido alárgalle o coiro.  
 San Matías coas súas artes fai caer o Antroido en martes.  
 Se podas no martes de Carnaval,  
 desátase a viña e uvas non dá.  
 Venres de Comadres, sábado fillogueiro, domingo  
 lardeiro, luns gordo e martes de Antroido.



## Adiviñas

Cómese no Entroido  
 ao pasar a cachola,  
 as orellas e os cachelos.  
 Que é?

(As filloas)

Que será que cando chega,  
 cunha ledicia sen par,  
 a xente tápase a cara  
 e logo ponse a bailar

(O entroido)

## 2. O SABICHÓN

Rodea en cor verde os **costumes típicos** do entroido e en vermella os que **non** o son.

Comer filloas



Comer porco



Enterrar a sardiña



Ir á praia

Disfrazarse con roupa vella



Acudir a bailes de gala



Ir ver os cigarróns a Ferrol



Desfiles de zombis



Comer turrón

Facer un momo

Saír nunha comparsa

Tomar as uvas ás 12 da noite

### **3. ACTIVIDADES**



## A. RELACIONAR

Une cada máscara co lugar de onde é típica.

Boteiros

Vilaboa

Xenerais

Viana

Felos

Xinzo

Cigarróns

Maceda

Pantallas

Ulla

Madamas

Verín

Folións

Manzaneda



## B. BUSCAR

Busca os Bolechas disfarzados e méteos nun círculo.



## C. ESCRIBIR

Completa os nomes dos días típicos do entroido.

Domingo F \_ \_ \_ \_ \_



Xoves de C \_ \_ \_ \_ \_



Martes de  
E \_ \_ \_ \_ \_



Mércores de C \_ \_ \_ \_ \_



## D. SOPA DE LETRAS

Busca e rodea as seguintes palabras.

Q	W	A	M	E	C	O	V	T
S	A	X	Z	N	A	M	I	U
C	A	R	E	T	A	H	J	O
C	I	G	A	R	R	O	N	C
S	Q	U	R	O	T	P	E	M
D	E	S	F	I	L	E	R	O
A	M	N	E	D	C	Q	J	G
F	I	L	L	O	A	Ñ	I	M

CARETA

CIGARRÓN

MECO

FILLOA

DESFILÉ


ENTROIDO

### E. ESCRIBIR E COLOREAR

Acórdaste das máscaras típicas de Laza? Escribe o seu nome, sinala as partes do disfrace e despois colorea o debuxo como corresponde.


P \_ \_ \_ \_ \_


CAMISA - CARETA - LIGA - CHAQUETA - GALÓNS  
ZAPATOS - MEDIAS - PANTALÓN - PELICA - CINTO  
LÁTEGO - CHOCAS - GRAVATA





## F. FAI O TEU DISFRACE

Descarga e imprime a careta do teu personaxe favorito. Despois recorta e fai un buratiño no lugar indicado a ambos os dous lados da careta, para poder poñela. Busca roupa que se axuste á que usa o personaxe que elixiches e... convértete nun "Bolecha" este carnaval!























### G. TEMPO DE ENTROIDO

Imprime este calendario e cólgao no teu cuarto para saber en que día vives.

Rodea o mes no que adoita celebrarse o entroido.

Sabes que día é hoxe? Sinálao cun X no calendario.

Podes ir tachando cada día que pasa e ver como vai avanzando o ano.

**os bolechos**

**XANEIRO**  
L M M X V S D  
1 2 3 4  
5 6 7 8 9 10 11  
12 13 14 15 16 17 18  
19 20 21 22 23 24 25  
26 27 28 29 30 31

**FEBREIRO**  
L M M X V S D  
1  
2 3 4 5 6 7 8  
9 10 11 12 13 14 15  
16 17 18 19 20 21 22  
23 24 25 26 27 28

**MARZO**  
L M M X V S D  
1  
2 3 4 5 6 7 8  
9 10 11 12 13 14 15  
16 17 18 19 20 21 22  
23 24 25 26 27 28 29  
30 31

**ABRIL**  
L M M X V S D  
1 2 3 4 5  
6 7 8 9 10 11 12  
13 14 15 16 17 18 19  
20 21 22 23 24 25 26  
27 28 29 30

**MAIO**  
L M M X V S D  
1 2 3  
4 5 6 7 8 9 10  
11 12 13 14 15 16 17  
18 19 20 21 22 23 24  
25 26 27 28 29 30 31

**xuño**  
L M M X V S D  
1 2 3 4 5 6 7  
8 9 10 11 12 13 14  
15 16 17 18 19 20 21  
22 23 24 25 26 27 28  
29 30

**XULLO**  
L M M X V S D  
1 2 3 4 5  
6 7 8 9 10 11 12  
13 14 15 16 17 18 19  
20 21 22 23 24 25 26  
27 28 29 30 31

**AGOSTO**  
L M M X V S D  
1 2  
3 4 5 6 7 8 9  
10 11 12 13 14 15 16  
17 18 19 20 21 22 23  
24 25 26 27 28 29 30  
31

**setembro**  
L M M X V S D  
1 2 3 4 5 6  
7 8 9 10 11 12 13  
14 15 16 17 18 19 20  
21 22 23 24 25 26 27  
28 29 30

**OUTUBRO**  
L M M X V S D  
1 2 3 4  
5 6 7 8 9 10  
11 12 13 14 15 16 17 18  
19 20 21 22 23 24  
25 26 27 28 29 30 31

**novembro**  
L M M X V S D  
1  
2 3 4 5 6 7 8  
9 10 11 12 13 14 15  
16 17 18 19 20 21 22  
23 24 25 26 27 28 29  
30

**decembro**  
L M M X V S D  
1 2 3 4 5 6  
7 8 9 10 11 12 13  
14 15 16 17 18 19 20  
21 22 23 24 25 26 27  
28 29 30 31



## XANEIRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## FEBREIRO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

## MARZO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

## ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
		5	6	7	8	9
		10	11	12	13	14
		15	16	17	18	19
		20	21	22	23	24
		25	26	27	28	29
		30				

## MAIO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## XUÑO

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

## XULLO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
		5	6	7	8	9
		10	11	12	13	14
		15	16	17	18	19
		20	21	22	23	24
		25	26	27	28	29
		30	31			

## AGOSTO

L	M	M	X	V	S	D
						1
		2	3	4	5	6
		7	8	9	10	11
		12	13	14	15	16
		17	18	19	20	21
		22	23	24	25	26
		27	28	29	30	31

## SETEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
		5	6	7	8	9
		10	11	12	13	14
		15	16	17	18	19
		20	21	22	23	24
		25	26	27	28	29
		30				

## OUTUBRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## NOVEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
						1
		2	3	4	5	6
		7	8	9	10	11
		12	13	14	15	16
		17	18	19	20	21
		22	23	24	25	26
		27	28	29	30	31

## DECEMBRO

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
		5	6	7	8	9
		10	11	12	13	14
		15	16	17	18	19
		20	21	22	23	24
		25	26	27	28	29
		30	31			

## H. A COMER!

O entroido é un bo momento para comer, pero tamén para aprender algunhas das receitas máis típicas –e saborosas– de Galicia. Descarga estas fichas e goza coa túa familia e amigos das túas propias sobremesas.


### Receita do lacón con grelos

#### Ingredientes:

1 lacón salgado  
2 mangadas de grelos  
4 chourizos frescos  
4 patacas grandes  
aceite de oliva

#### Preparación:

un día antes hai que meter o lacón en auga para desalgalo. Poñemos auga fría nunha pota cunhas gotas de aceite e metemos o lacón. Cocémolo unhas dúas horas, ata que estea tenro. Uns 20 minutos antes de que remate a cocción, engadimos as patacas –se son moi grandes partímolos en 2 ou 3 cachos–, os chourizos e os grelos. Sacamos todo e escorremos ben os grelos e as patacas e servimos ben quente. Pódese acompañar de aceite de oliva ou dun refrito.



## Receita das orellas

### Ingredientes:

800 g de fariña

100 g de manteiga de vaca

2 ovos

un vaso de auga morna

unha copa de anís

azucres

manteiga ou aceite e sal



### Preparación:

mestúrase a manteiga derretida coa auga, engádense os ovos, o anís e o sal; de seguido, pouco a pouco, engadimos a fariña ata formar unha masa, que traballaremos moito. Por último estarricámola cunha rodela e cortámola en rectángulos, que fritiremos en manteiga ou aceite, a elixir. Xa fritidas esparéxese azucres.



## Receita das filloas

### Ingredientes:

500 g de leite  
500 g de caldo de cocido  
ou no seu defecto auga  
3 ovos  
un belisco de sal  
unha cullerada de azucre  
400 g de fariña de trigo  
un anaquiño de touciño  
para engraxar a tixola



### Preparación:

para preparar o amoadado, que así se chama á masa das filloas, mesturamos os ovos, o leite, o caldo ou a auga, o sal, e a cullerada de azucre. Batemos cunhas varas –ou co batedor– ata mesturar ben e imos engadindo a fariña mentres batemos para que non queden grumos ata conseguir unha masa relativamente líquida, que deixamos repousar nun sitio fresco durante unha hora. Quentamos a tixola e engraxámola co touciño picado nun garfo. Engadimos unha cantidade pequena de masa e movemos a tixola en sentido circular para que quede todo o fondo cuberto. Debe de quedar unha capa moi fina. Cando os bordos comezan a levantarse da tixola dámoslle a volta e deixámola un pouco máis. Ímolas amoreando unhas enriba doutras e servímolas soas, con mel, azucre, crema...

Nalgúns sitios, as filloas fanse con sangue da matanza e chámanse filloas de sangue.

## Receita das flores de carnaval

### Ingredientes:

250 ml de leite enteiro

1 ovo

1 chisco de sal

200 g de fariña de trigo

unhas gotas de anís

aceite

azucres e zume de laranxa ou canela para aromatizar.

Precisamos un molde para facer flores



### Preparación:

batemos o leite co ovo, engadimos o chisco de sal e os aromas. Engadimos fariña pouco a pouco batendo ata lograr unha masa se grumos coa textura de crema espesa que deixamos repousar 20 minutos.

Quentamos abundante aceite nunha tixola fonda e metemos o molde para as flores, para que vaia collendo temperatura. Cando o molde estea ben quente –e o aceite tamén– sacámolo, botámoslle masa sen que chegue a cubri-lo todo e volvémoslo meter na tixola. A flor debe desprenderse nuns segundos –podemos axudarnos dun garfo– e así que estea dourada pasámola a un fonte con papel absorbente para retirar o exceso de aceite e rebozamos con azucres.